

# REGALOS PARA NADAL

Canto máis cativo é un neno máis tempo da súa vida debe adicar ao xogo porque esta é a forma na que comeza a comprender o mundo no que vive. Xogando aprenderá a relacionarse cos demais membros da familia e con outros nenos e nenas e os adultos podemos aproveitar para que vaia aceptando certas normas que, pola simple imposición ou prohibición, son máis difíciles de entender e aceptar.

Dentro do mundo do xogo, os xoguetes ocupan o lugar principal e os adultos temos unha grande responsabilidade, pois normalmente somos nós quen os escollemos.

Un bo xoguete non é o máis caro nen o que máis sae na T.V. senón aquel que, ademáis de estar indicado para a idade do neno, pode divertirlo, entretelo e incluso axudarlle a desenvolver algunha capacidade da súa personalidade: a atención, a habilidade manual, o respecto polos demais, a colaboración, a memoria, o vocabulario, etc.

Así, dentro do amplísimo mercado de xoguetes podemos atopar tal variedade que se cadra nos perdemos na elección ou nos lanzamos directamente e sen reflexionar ao da T.V.

¿Hai outras posibilidades distintas da pistola para o neno e a boneca para a nena? Desde logo que si. Hai outras moitas opcións. A continuación trataremos de darvos algunhas ideas.

¿Está ben que o neno sempre leve regalos de acción e movemento e a nena pasivos e repousados? Cada pai e cada nai ou mellor os dous xuntos, deben reflexionar sobre o modelo que quere dar ó seu neno ou nena e ver se xa lles ten asignado un papel para o futuro só por ser home ou muller.

Personalmente, pensamos que non convén facer distincións entre xoguetes para nenos e xoguetes para nenas xa que camiñamos cara unha sociedade igualitaria na que mulleres e homes poidan ter as mesmas posibilidades e responsabilidades e polo tanto a educación e formación dos nenos e nenas ten que ir encamiñada no mesmo sentido.

**Para mercar xoguetes**



## O PRIMEIRO ANO

Nanas e rimas. Bonecos e obxectos de goma para chupar. Obxectos de cores que sonen para poñer no berce. Osos de trapo. Xoguetes de corcho, goma ou plástico para xogar na auga. Móviles para ver.

## O SEGUNDO ANO

Xoguetes para empuxar e arrastrar.

Bicicletas e triciclos sen pedais. Construcións tipo "duplo". Pizarras ou papel inservible para manipular rachar e pintar con pintura de dedos. Contos de plástico ou tela só con ilustracións. Animais de madeira. Bonecas lavables.

## de 2 a 3 ANOS

Triciclos con pedais. Coches, cabalos e todo tipo de xoguetes con movemento. Construcións grandes e lixeiras. Puzzles de ata 8 pezas. Encaixes de formas e cores. pizarra e tizas para debuxar. Contos de fácil manexo e boas ilustracións. Bonecas e accesorios. Cociñas cos utensilios necesarios.

## DE 3 A 5 ANOS

Pelotas, patíns, patinetes e bicicletas. Conxuntos de construción e puzzles de ata 30 pezas. Pegamentos, plastilina e barro para modelar. Cassettes e cintas con cancións. Libros e historias curtas e ilustradas. Dominós e xogos de mesa sinxelos. pinturas e roupa para disfrazarse.

## DE 6 A 8 ANOS

Moitos dos anteriores e ... bicicletas con estabilizadores. Corda, goma, bolos, aros, monopatín, xoguetes desmontables. Pinturas de acuarela, rotuladores, ceras. Puzzles máis complexos. Mecanos. Contos, libros e diarios. Xogos de mesa cooperativos. Marionetas, xogos de experimentos, microscopios, cámaras de fotos sinxelas, etc.



## DE 8 A 10 ANOS

Algúns dos anteriores e ... xogos de construción de pezas pequenas, mecanos máis complexos, xogos didácticos que lle estimulen a memoria, o vocabulario, o razonamento, xogos de mesa como xadrez, damas ... e, por suposto, libros e máis libros...

## DE 11 A 13

Moitos dos ditos como bicicleta, complementos para distintos deportes, xogos de preguntas e respostas de distintas materias: xeografía, historia, ciencias naturais... xogos de composición de palabras para enriquecer o seu vocabulario como cruciletras ou intelect, mastermint e ¿como non? libros.



*O xoguete máis importante en tódalas idades son as persoas adultas que cantan, falan e XOGAN con eles.*

*E tamén os contos, os amigos inseparables que farán que vivan aventuras maravillosas e que desenvolvan a súa imaxinación.*

